

Sendeiro Litoral de Coroso - Río Azor

Presentación

O sendeiro azul é unha iniciativa de ADEAC que contribúe ao uso sostible do medio mediante a xestión, conservación e divulgación do patrimonio natural e etnográfico de maneira compatible co desenvolvemento, gozar, saúde e benestar dos cidadáns.

A senda litoral de Coroso - Río Azor é un paseo peonil accesible e practicable parcialmente en bicicleta que inicia o seu percorrido na avenida do Malecón bordeando a costa durante 3,7 km ata chegar ao miradoiro de Río Azor.

O percorrido inclíase no Malecón, espazo gañado ao mar, para seguir pola área portuaria que, cunha superficie de 700.000 m², é o motor económico da comarca e nel coexisten diversas actividades: pesqueira, comercial e náutica. Ribeira ten o porto de baixura máis importante de España.

Tras deixar atrás a zona portuaria e antes de chegar á praia de Coroso atopamos a pedra volcánica símbolo desde o 2003 do irmandamento co municipio de Adeje.

Percorremos os 1.700 m da praia de Coroso, Bandeira Azul, a través do seu amplo paseo cun carácter máis urbano ata a desembocadura do regato de As Salñas nun contorno máis natural a partir deste punto. Boa parte da praia ten un cordón dunar continuo, de gran valor ambiental e biolóxico no que aníña a pillara das dunas (na zona con menor presión). Conta con socorrismo, baño adaptado, servizos hixiénicos...

Ao final da praia atopámonos a antiga fábrica de salgadura, edificada nos terreos que Carlos IV doa en 1.790 á familia Sáiz dedicada á industria de pesca e navegación. Desde 1976 o terreo alberga un camping sendo a fábrica o restaurante e terraza.

Rodeamos o camping pegados á costa e chegamos á pequena praia de Río Azor de area branca, augas tranquilas e protexida. Presenta socorrismo, baños adaptados, quiosco estival...

Xa por último, chegamos ao miradoiro de Río Azor, punto final da senda na que temos unha boa vista panorámica da entrada da ría de Arousa, a illa dos Ratos, a illa de Rúa, a península do Grove, o arquipélago de Sálvora, o núcleo urbano de Ribeira ou a praia de Coroso.

Enseada de Ribeira

Información xeral

Lonxitude:
3,7 Km.
Avenida do Malecón - Miradoiro Río Azor

Duración estimada:
1 h 30 min.

Dificultade:
Baixa.

Servizos

Servizos hixiénicos (adaptados)
Públicos e gratuítos no areal de Coroso nos meses de xullo, agosto e do 1 ao 15 de setembro.

Primeiros auxilios
No areal de Coroso nos meses de xullo, agosto e do 1 ao 15 de setembro.

Perfil

Sinalización

PNOA cedido por © Instituto Geográfico Nacional



Rede Sendas Azuis
Red Senderos Azules

